

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A ADSCRICIÓN DO CENTRO SUPERIOR DE HOSTALARÍA DE GALICIA Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, a USC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Da outra Don José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultade que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

I. Que a USC é unha Institución Pública que desenvolve o servizo público de educación superior, e que está dotada de plena personalidade xurídica gozando de autonomía de conformidade cos seus Estatutos e coas normas de lexislación vixente.

II. Que na Dirección de Profesionalización da Axencia Turismo de Galicia atópase o Centro Superior de Hostalaría de Galicia (en diante, CSHG) que entre as súas funcións está o desenvolver a docencia e a investigación conforme as exigencias metodolóxicas e substantivas propias de toda institución do ámbito universitario.



III. Que a USC é consciente da necesidade, para o desenvolvemento social e económico da Comunidade Autónoma de Galicia, de impulsar estudos superiores no ámbito do sector da hostalaría e o Centro Superior de Hostalaría de Galicia é igualmente consciente da oportunidade de adscrición do Centro á USC.

IV. Que as partes xa formalizaron diversos convenios para afianzar a súa relación e que a experiencia recollida nestes anos no desenvolvemento dun título propio fan aconsellable avanzar nesa relación coa implantación dun novo título, neste caso oficial e con validez en todo o territorio nacional. Con data do 25 de xaneiro de 2021 subscribiuse o Convenio entre a USC e a Axencia de Turismo de Galicia para a Adscrición do Centro Superior de Hostalaría de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela, que prevía na súa cláusula vixésimo terceira un prazo de vixencia de catro anos, tras os cales as partes poderían acordar a súa prórroga expresa por un período de ata catro anos adicionais, ou un novo convenio de adscrición. En consecuencia propónse subscribir un novo convenio que estableza a adscrición do centro á USC, de conformidade co artigo 42 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, co artigo 22 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia e conforme ao Real Decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios. Todo isto sen prexuízo dos acordos anteriores sobre o título propio en tanto non se produza a súa extinción

E para tal fin acordan realizar un convenio de adscrición, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste Convenio é regulamentar a adscrición do Centro Superior de Hostalería de Galicia á USC nos termos regulados no artigo 42 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos Estatutos da USC para a impartición dunha titulación de grao no ámbito da innovación gastronómica e a xestión hoteleira coa denominación de Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras.

Segunda. Relacións entre as partes

As relacións entre as partes asinantes serán as que se determinen no presente Convenio, sen prexuízo de establecer outros acordos en desenvolvemento do mesmo ou en outras materias que o estimen conveniente.



Se, a consecuencia do establecemento de normas de carácter xeral, resultasen afectadas ou modificadas cláusulas do presente Convenio, as partes outorgantes do mesmo acordarán a súa adecuación a aquelas.

Terceira. Funcionamento do CSHG

O funcionamento do CSHG será responsabilidade exclusiva do seu titular, correspondendo a estes os custes do seu persoal, edificios, aulas e calquera outros medios vinculados ao desenvolvemento do Grao, sen que se lle poidan esixir directa ou indirectamente responsabilidades á USC.

Asemade, o CSHG asumirá as obrigas laborais co persoal ao seu servizo, entre outras en materia de seguridade, prevención de riscos e incompatibilidades.

Cuarta. Financiamento do CSHG

O CSHG será financiado integramente polo seu titular, sen prexuízo das taxas, prezos ou cotas que perciba do seu alumnado.

Quinta. Oferta académica do Centro

Como Centro adscrito, o CSHG imparte a titulación de Graduado/a en Xestión de Empresas Hostaleiras da USC dende curso 2022-23. A implantación de dita titulación foi autorizada mediante Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 27 de xullo de 2022 (DOG do 10 de agosto).

Sexta.- Xestión académica

O CSHG poderá propoñer anualmente a cota máxima de alumnado que pode admitir na titulación de acordo coas instrucións que estableza o órgano responsable da Comunidade Autónoma.

No proceso de admisión do alumnado debe obter praza conforme ao réxime xeral de acceso á Universidade e, ademais, teranse en conta os criterios establecidos na memoria de verificación do título no que respecta ao currículo académico, aptitudes e motivación e idioma.

Concedida a praza pola Comisión Interuniversitaria de Galicia ou órgano competente en materia de acceso á Universidade, o alumnado deberá formalizar na USC a matrícula polo procedemento e nos prazos establecidos na convocatoria de matrícula.



A USC e o CSHG manterán cadanseus sistemas de xestión de expedientes do alumnado, pero a efectos de expedición de certificacións oficiais os datos serán os que figuren no sistema informático da USC.

O réxime de avaliación e de permanencia do alumnado será o que se estableza na USC coas peculiaridades que se acorden na memoria do título.

Finalizada a avaliación de cada materia formalizarase unha acta de avaliación asinada polos profesores responsables e polo Delegado da USC. A dita acta deberá ser custodiada pola USC polo que necesariamente deberá ser xerada e asinada no sistema informático da USC

Corresponderá á USC a expedición das certificacións académicas en materia de alumnado.

O CSHG poderá propoñer unha cota para alumnos procedentes de outras universidades e que desexen continuar estudos no CSHG. A selección será realizada pola USC nos prazos xerais e conforme aos criterios legalmente establecidos.

A superación do plan de estudos conducirá á expedición do título oficial de grao pola USC

Sétima.- Réxime económico das matrículas

O alumnado coa matrícula deberá abonar á USC:

- O 25% dos prezos públicos establecidos pola Comunidade Autónoma para a titulación de grao, en concepto de expediente académico e de proba de avaliación, en función do número de créditos matriculados cada curso.

- Os demais prezos públicos previstos no Decreto anual de prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia.

Así mesmo, o alumnado deberá abonar ao CSHG os prezos privados que o Centro acorde, logo da aprobación pola consellería correspondente.

O alumnado maior de 28 anos e os que participen en programas de mobilidade deberán abonar o seguro de accidentes establecido na USC, sen prexuízo doutros seguros que contemple o CSHG.

No caso de impago dos prezos públicos, a USC iniciará o procedemento de recadación de débedas, incluída a vía de constrinximento. No caso de impago dos prezos do CSHG, deberá comunicarse á



USC para proceder á anulación da matrícula, sen prexuízo dos procedementos internos de recadación.

Oitava.- Xestión de dereitos de propiedade intelectual

Corresponderá ao CSHG o abono ás entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual como consecuencia da utilización de material de terceiros autores na docencia do Centro e para os efectos do exercicio do dereito de ilustración. Non obstante o anterior, no caso de que as partes o decidan e que a USC abone directamente estes dereitos ao abeiro de convenios interuniversitarios coas entidades de xestión, a USC repercutirá o custe ao CSHG en función dos criterios utilizados para o seu abono.

Novena. Dereitos e deberes do alumnado

O alumnado do CSHG será considerado alumnado da USC para os efectos de poder acceder en igualdade de condicións cos demais da USC aos servizos que a Institución presta, singularmente aos académicos, aos informáticos, aos culturais e deportivos, bolsas para estudantes de grao, e outros que poidan xurdir durante a vixencia do convenio en réxime de reciprocidade que as partes acorden. A estes efectos, a USC facilitará a tarxeta TUI como documento identificativo como alumnado da USC que lles permita acceder tanto a estes servizos coma aos ofertados polo CSHG.

No caso de que a prestación ao alumnado dependa de convocatorias externas á USC, contratos, convenios ou acordos con entidades financiadoras públicas ou privadas estarase ao establecido nestes acordos.

Son dereitos do alumnado, ademais dos establecidos nos Estatutos do Estudantado correspondentes, os seguintes:

- A organización, promoción e participación en actividades formativas, culturais, recreativas e a utilización das instalacións e dos servizos do Centro.
- A liberdade de asociación, sindicación, reunión, manifestación e folga dentro do ámbito universitario.
- A formulación de peticións, reclamacións e queixas.
- O uso do galego a todos os niveis e en todas as relacións co centro.



- O desenvolvemento da súa actividade académica nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Recibir unha formación e unha docencia cualificada e actualizada, tanto nos seus contidos coma nos seus métodos pedagóxicos.
- Ser avaliado obxectivamente no seu rendemento académico.
- A propiedade intelectual dos traballos orixinais artísticos, científicos ou técnicos que realice no marco da súa actividade discente.
- Participar no control da calidade da titulación conforme ao sistema de xestión de calidade establecido na memoria da titulación.

Son deberes do alumnado os seguintes:

- O cumprimento dos Estatutos da USC, das normas e Regulamentos do centro, e demais normativa que fose de aplicación.
- O cumprimento das obrigas discentes inherentes á súa condición.
- A cooperación cos demais membros do centro na mellora dos servizos e na consecución dos seus fins.
- O respecto do patrimonio da Universidade e do Centro e a contribución ao seu digno mantemento.
- A asunción das responsabilidades propias dos cargos para os que sexan elixidos.
- Potenciar a vinculación e o prestixio da USC e do CSHG na sociedade, así como o respecto público á identidade do centro.

O incumprimento de normas do Centro seguirá o procedemento e os efectos establecidos nas ditas normas.

O CSHG poderá establecer as súas propias normas de convivencia, logo da emisión de informe polo Consello de Goberno da USC. O réxime disciplinario establecido no Regulamento polo que se establecen as normas de convivencia da USC aplicarase ao estudantado do CSHG, coas especificidades que se poidan determinar na súa regulamentación interna. O reitor é o órgano competente para exercer a potestade disciplinaria. O exercicio desta potestade poderase delegar



no director do CSHG nos termos do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décima.- Prácticas

O alumando do Centro terá que cursar prácticas en empresas e entidades coas que exista convenio de acordo co establecido no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario ou normativa que o substitúa, así como o Regulamento de prácticas externas da USC. Os convenios serán asinados pola USC, a empresa e a consellería con competencias sobre o centro de turismo conforme á normativa citada.

Undécima. Seguimento da titulación

Sen prexuízo das competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia e á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, a USC, xunto co CSHG, asumen o seguimento, supervisión e control no ámbito interno do cumprimento da memoria da titulación e do plan de estudos.

A efectos do artigo 68.3.^a) dos Estatutos da USC constitúese, ademais dos órganos propios do CSHG, o Consello Académico.

O Consello Académico estará composto por catro representantes da USC designados polo reitor ou reitora de acordo cos estatutos da mesma, así como por catro representantes CSHG.

Son funcións do Consello Académico:

- a) Aprobar as directrices xerais para a axeitada ordenación da actividade docente.
- b) Informar sobre o sistema de selección do profesorado.
- c) Exercer a iniciativa, a proposta da dirección do Centro, das reformas do plan de estudos do mesmo para a súa tramitación polos órganos competentes USC.
- d) Garantir a especialización dos tribunais e os principios constitucionais de acceso no procedemento de selección do persoal docente.
- e) Garantir en última instancia os dereitos e deberes do alumnado e o cumprimento da memoria e plan de estudos.



- f) Calquera outros que lle atribúa o presente convenio e acordos posteriores entre a USC e o CSHG.

Décimo segunda. Delegación académica

A USC nomeará un delegado ou delegada académica, que tamén será un dos representantes da USC no Consello Académico do CSHG. Corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Exercer de vínculo entre a USC e o CSHG.
- b) Visar as actas das materias de Grao
- c) Facer o seguimento do cumprimento da memoria e do plan de estudos.
- d) Participar no seguimento dos sistemas de xestión de calidade do Centro.
- e) Propoñer melloras de xestión e de relación entre as partes.
- f) Exercer o control académico directo do Centro, sen prexuízo dos dereitos do titular do Centro, polo que sancionará os criterios de valoración para o acceso do estudiantado e as súas avaliacións, así como os criterios para a selección do profesorado informados polo Consello Académico. Así mesmo intervirá no proceso de selección do profesorado.

A persoa designada será nomeada polo reitor ou reitora, de entre o persoal docente con vinculación permanente á USC e por un período de 4 anos prorrogable por outros catro.

Décimo terceira . Da dirección do Centro

A persoa que exerza a dirección do Centro será nomeada de acordo co establecido nos estatutos da Axencia Turismo de Galicia para o nomeamento do seu persoal directivo e será comunicado á USC.

Décimo cuarta. Recursos materiais e persoais

O actual persoal que realiza funcións docentes no Centro constituirá o cadro de persoal adscrito á docencia da nova titulación oficial, figurando as súas particularidades na memoria de verificación do título.

Cando exista necesidade de incorporar novo persoal docente ao Centro, este será seleccionado de acordo coas normas que para tales efectos resulten de aplicación ao CSHG, garantido a



participación da USC no proceso. Deberá obter da USC a *venia docendi*. En todo caso, este novo profesorado, para ser responsable dunha materia, deberá posuír a titulación esixida pola normativa aplicable.

Para impartir a docencia na titulación oficial o persoal que realiza funcións docentes deberá contar coa *venia docendi* da Universidade. A *venia docendi* deberá ser solicitada pola dirección do Centro á vicerreitoría con competencias en profesorado cunha antelación mínima dun mes respecto ao comezo da actividade docente e deberá ser resolta pola Universidade no prazo máximo dun mes. No caso de cobertura de prazas polo procedemento de urxencia ou cando fose necesaria algunha información complementaria, a USC poderá outorgar esta *venia* de forma excepcional en calquera momento do curso, unha vez finalizado o proceso selectivo do CSHG.

A *venia docendi* terá validez en tanto non sexa revogada expresamente e sempre que non muden as circunstancias polas que foi pedida. Para estes efectos, o Centro remitirá anualmente os posibles cambios de profesorado ou de circunstancia que motivaron a concesión da *venia docendi*.

Procederá a revogación da *venia docendi* cando o profesor ou profesora cometa feitos que sexan constitutivos de delitos o de falta grave de carácter disciplinario. Se sobre tales feitos houberse acto de procesamento ou iniciación de expediente disciplinario, a *venia docendi* poderá ser obxecto de suspensión. Nun ou noutro caso serán oídas a persoa interesada e a dirección do CSHG.

Este persoal que realiza funcións docentes será contratado pola consellería que asuma a titularidade do CSHG con cargo aos seus propios créditos, de acordo coa normativa vixente. En ningún caso estas relacións laborais determinarán a existencia de obrigas de calquera natureza por parte da USC respecto do devandito profesorado, nin dereitos do mesmo respecto da citada Universidade.

Non obstante, a USC poderá expedir ao persoal que realiza funcións docentes do CSHG con *venia docendi* a tarxeta de persoal colaborador.

Décimo quinta. Outras actividades e acordos específicos.

A USC e o CSHG, por proposta da comisión de seguimento, poderán chegar a acordos que se plasmarán nos correspondentes convenios específicos en materias particulares, tales como o financiamento de infraestruturas informáticas, de colaboración na elaboración e desenvolvemento de programas de xestión de alumnado e outros programas para persoal



docente ou sobre acceso do profesorado do CSHG á oferta de estudos universitarios de Posgrao, Doutoramento e Formación Continua da USC.

As partes colaborarán para que o maior número de profesorado do Centro acade a titulación de doutor/a.

Décimo sexta. Uso de logotipos e denominacións

As partes autorízanse mutuamente a permitir o uso dos seus respectivos logotipos nas actividades recollidas neste convenio. Nos documentos non académicos figurarán ambos logotipos conforme ao manual de uso establecido na USC e na Xunta de Galicia e, no seu caso, nos acordados na comisión de seguimento.

A denominación “universitaria” ou a denominación do título de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional só poderá utilizarse nos estudos autorizados e recoñecidos consonte o previsto no artigo 42 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. Non poderán utilizarse outras denominacións que, polo seu significado, podan inducir a confusión con aquelas.

Décimo sétima. Normas e principios aplicables

O CSHG, na súa relación coa USC, rexerese pola normativa xeral aplicable, polo presente convenio de adscrición e polas Normas de Organización e Funcionamento que figuran na memoria de verificación, respectando e garantindo de forma plena e efectiva o principio de liberdade académica.

Décimo oitava.- Comisión de seguimento

Para o seguimento da execución deste Convenio e a realización das propostas de modificación e desenvolvemento que se consideren oportunas, constituirase unha comisión de seguimento do convenio, que velará pola correcta execución e seguimento dos compromisos recollidos no mesmo e resolverá, no seu caso, as dúbidas e controversias que puideran xurdir na súa aplicación e interpretación. Esta comisión procurará resolver de común acordo as discrepancias que puidesen xurdir na interpretación deste Convenio por parte dos órganos do Centro. Estará formada por catro persoas, dúas de cada parte. Por parte da USC, pola persoa que exerza as competencias en materia de titulacións e a persoa que exerza a Secretaría Xeral, ou persoas en



quen deleguen; e polo centro directivo con competencias en materia de turismo, pola persoa que exerza a dirección do CSHG e pola persoa do CSHG que exerza funcións relativas á coordinación da docencia e formación ou persoas en quen deleguen.

Serán as súas funcións:

- Con carácter xeral, a interpretación e aplicación das estipulacións deste convenio, así como velar polo seu cumprimento.
- Propoñer, para a súa aprobación polos órganos competentes, addendas ou modificacións deste convenio ou convenios específicos.
- A concreción daqueles aspectos non contemplados no seu articulado.
- A resolución de conflitos xurdidos pola súa aplicación.

Décimo novena.- Réxime económico financeiro

O CSHG asume os custes, tanto materiais como de persoal, calquera que sexa o rango ou categoría profesional que ostente, e sexan necesarios para o pleno funcionamento do Centro.

Vixésima. Protección de datos persoais

1) Tratamento dos datos persoais das partes asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación, limitación, e supresión dos seus datos persoais, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección



de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Respecto dos datos persoais sobre os que a USC ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) a través do seguinte enderezo: <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm> Os interesados poden contactar co Delegado de Protección de Datos da USC a través do correo dpd@usc.gal.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2) Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados a través CSHG coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión do alumnado e a actualización da información e contidos dos expedientes persoais do alumnado e do persoal do devandito centro. A base lexitimadora xeral para o tratamento destes datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada no disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia e no Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos. No seu caso, a Axencia de Turismo de Galicia tamén poderá tratar os datos persoais recadados a través do CSHG en base ao consentimento outorgado polas persoas interesadas.

Pola súa banda, a USC ostentará a condición de responsable do tratamento respecto dos datos persoais tratados pola USC coa finalidade de xestión dos procesos de acceso á Universidade, de matrícula, de continuación de estudos, traslados, xestión de expedientes académicos e seguimento de accións de calidade dos alumnos da universidade e dos seus egresados en todos os títulos oficiais e propios, así como a tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, e todas as actividades que se inclúa na xestión académica administrativa. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha



misión de interese público na prestación do servizo de educación superior (Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia), así como, nos casos en que así se autorice, o consentimento expresado polas persoas interesadas.

Ambas partes, como responsables do tratamento, darán cumprimento á lexislación vixente en materia de protección de datos persoais que resulte de aplicación, en concreto ao Regulamento xeral de protección de datos e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como a aquelas disposicións de desenvolvemento das normas anteriores ou calquera outras aplicables en materia de protección de datos que se atopen en vigor no momento da subscripción do presente convenio ou que puidesen estar durante a súa vixencia.

Vixésimo primeira. Causas de resolución do Convenio

Son causas de resolución automática do Convenio:

- a) A non aprobación do expediente de adscrición pola Comunidade Autónoma.
- b) A resolución desfavorable de verificación do título ou a non autorización da implantación pola Comunidade Autónoma.
- c) A revogación dos títulos oficiais impartidos no Centro.

Tamén serán causas de resolución:

- a) A impartición doutros títulos oficiais sen contar coa autorización da USC.
- b) A utilización indebida do nome da USC.
- c) O incumprimento das directrices académicas que se deriven deste Convenio.
- d) Calquera incumprimento legal en materia de Ensino Superior.
- e) As previstas na normativa vixente de réxime xurídico do sector público.

Con carácter previo ao acordo de resolución polas causas anteriormente indicadas, deberá reunirse a Comisión de Seguimento para pronunciarse sobre o conflito suscitado e intentar chegar a un acordo de solución. A referida comisión poderá, así mesmo, propor calquera modificación ou addenda que mellore a xestión e obxectivos do convenio.



En caso de resolución do convenio deberá garantirse o dereito do estudantado que os iniciara con anterioridade a concluír os estudos nos prazos previstos na normativa universitaria.

Vixésimo segunda. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter interadministrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas ao abeiro do capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Seralle de aplicación a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Vixésimo terceira. Vixencia

Este convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos.

Antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, as partes poderán acordar a súa prórroga expresa por un período de ata catro anos adicionais, ou un novo convenio de adscrición.

En caso de extinción deberá garantirse o dereito do estudantado que os iniciara con anterioridade a concluír os estudos nos prazos previstos na normativa universitaria.

Os convenios ou acordos anteriores de recoñecemento como título propio por parte da USC do Diploma Superior de Xestión Hoteleira manteñen a súa vixencia en tanto non se extinga o seu plan de estudos.

Vixésimo cuarta.- Transparencia e bo goberno. Rexistro de convenios

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e, de ser o caso no portal de transparencia da USC, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a USC acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e o da USC.



A sinatura deste convenio deixa sen efecto o convenio subscrito co mesmo obxecto entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Axencia de Turismo de Galicia con data do 25 de xaneiro de 2021.

E en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola USC

Pola Axencia de Turismo de Galicia

O reitor

O director

Antonio López Díaz

José Manuel Merelles Remy

